

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 14 DE XANEIRO DE 2021,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Silleda da estrada provincial EP-6518 Silleda-Ponte.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario do corpo de profesores técnicos de formación profesional.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de transporte sanitario na Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, pertencente ao Servizo Galego de Saúde, por importe de catorce millóns oitocentos oitenta e un mil setecentos vinte e seis euros con quince céntimos (14.881.726,15 €) IVE exento, e un valor estimado de vinte e nove millóns oitocentos trinta e oito mil oitocentos oito euros con vinte e un céntimos (29.838.808,21€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre as previsións de elaboración de proxectos legislativos da Xunta de Galicia para 2021.
- Informe sobre as axudas de apoio económico da Xunta de Galicia para os colectivos afectados por mor da pandemia covid-19.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe sobre as iniciativas levadas a cabo para impulsar a Oficina Brexit para atender as necesidades do tecido empresarial galego, tras a saída do Reino Unido da Unión Europea.
- Informe sobre as bases das convocatorias de subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industrial e servizos cofinanciados con fondos FEDER-Galicia 2014-2020.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o Marco Galego de Competencias Dixitais.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre o Proxecto de Orde pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para as actuacións de corrección de impactos paisaxísticos xestionadas polo Instituto de Estudos do Territorio e se establece a súa convocatoria para o ano 2021.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo tramite de emerxencia da compra de diversas subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia do covid-19, por importe de dous millóns trescentos vinte e un mil cincuenta e tres euros e nove céntimos (2.321.053,09 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo tramite de emerxencia da realización dunha obra de reforma das consultas e salas de espera do Servizo de Urxencias do HUAC, pertencente á Área Sanitaria da Coruña e Cee, e facer fronte á pandemia do covid-19, por importe de oitenta e nove mil douscentos oitenta e dous euros e corenta e dous céntimos (89.282,42 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da contratación polo tramite de emerxencia da adquisicións urxentes de bens e materiais, contratación de servizos e realizacións de pequenas obras para facer fronte á pandemia do covid-19 na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, por un valor estimado de cinco millóns oitocentos corenta e seis mil dezaioito euros con corenta e tres céntimos (5.846.018,43 €€) IVE engadido.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da contratación polo tramite de emerxencia do expediente de contratación da subministración de transporte pneumático para traslado de mostras do Laboratorio Central do Hospital Universitario de Ourense, por un valor estimado de cento quince mil cincocentos vinte e seis euros con oitenta e dous céntimos (115.526,82 €) IVE engadido.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o Plan de Pastoreo de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a Orde de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e se convocan para o ano 2021.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE SILLEDA DA ESTRADA PROVINCIAL QUE VAI CARA Á PONTE

- *As características funcionais da estrada asimíllana ao viario municipal urbano, ao servir o primeiro treito como acceso á Feira Internacional de Galicia*
- *A partir da formalización da entrega, corresponderanlle ao Concello de Silleda todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía*

O Consello da Xunta aproba o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Silleda da estrada provincial EP-6518 que vai cara á Ponte.

Esta transferencia enmárcase nun convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e a Deputación Provincial de Pontevedra, asinado no ano 2018, e que recolle a transferencia da vía á Administración local.

As características funcionais e de utilidade da estrada fana asimilable ao viario municipal de tipo urbano, ao servir o primeiro treito como acceso ás instalacións da Feira Internacional de Galicia.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

A partir da formalización da entrega, corresponderanlle ao Concello de Silleda todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía.

A XUNTA REDOBRA A SÚA APOSTA POLA FORMACIÓN PROFESIONAL COA AMPLIACIÓN A 603 PRAZAS DE PROFESORES TÉCNICOS DESTAS ENSINANZAS

- *O decreto da nova Oferta Pública de Emprego publicarase no Diario Oficial de Galicia nos próximos días e celebrarase no ano 2021*
- *Realizaranse probas para 24 especialidades*

O Consello da Xunta deu hoxe visto e praxe á nova Oferta Pública de Emprego para o corpo de profesores técnicos de FP, coa que o Goberno galego redobra a súa aposta por estas ensinanzas. En total, entre esta nova OPE e a de 2020, o próximo ano haberá 603 prazas para este corpo, nun total de 24 especialidades.

O obxectivo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade con esta oferta é contrarrestar os efectos da LOMLOE, que prevé a extinción deste corpo, fundamental para a formación do alumnado de FP, especialmente no ámbito práctico. A convocatoria de prazas vai permitir ofrecer unha posibilidade de estabilidade laboral ás 452 persoas que neste momento son profesores técnicos de FP en situación de interinidade e que non contan cunha licenciatura.

Así mesmo, con estas 603 prazas garántese a dispoñibilidade de profesorado cualificado para os próximos anos nos ciclos de FP, unhas ensinanzas cuxa calidade queda avalada por un incremento do 50% da matrícula na última década.

O decreto da nova OPE publicarase nos vindeiros días e está previsto realizar as probas no ano 2021, sempre e cando as condicións sanitarias o permitan.

Especialidades

As 24 especialidades nas que se convocarán prazas serán as mesmas xa recollidas para as oposicións de 2020, que incluíu 363 prazas neste corpo. A distribución destas, contando as dúas OPEs quedará como segue:

| Código/especialidade | | Ope 1 | Ope 2 | Total |
|----------------------|--|-------|-------|-------|
| 201 | Cociña e Pastelería | 18 | 8 | 26 |
| 202 | Equipamentos Electrónicos | 28 | 14 | 42 |
| 203 | Estética | 14 | 10 | 24 |
| 204 | Fabricación e Instalación de Carpintería e Moble | 13 | 12 | 25 |
| 205 | Instalación e Mantemento de | 10 | 6 | 16 |



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

| | Equipamentos Térmicos e Fluídos | | | |
|--------------|--|------------|------------|------------|
| 206 | Instalacións Electrotécnicas | 8 | 16 | 24 |
| 208 | Laboratorio | 8 | 4 | 12 |
| 209 | Mantemento de Vehículos | 20 | 30 | 50 |
| 210 | Maquinas, Servizos e Produción | 4 | 1 | 5 |
| 211 | Mecanizado e Mantemento de Máquinas | 8 | 10 | 18 |
| 214 | Operacións e Equipamentos de Elaboracións de Produtos Alimentarios | 12 | 8 | 20 |
| 216 | Operacións de Produción Agraria | 8 | 8 | 16 |
| 217 | Patronaxe e Confección | 13 | 5 | 18 |
| 218 | Peiteado | 7 | 16 | 23 |
| 219 | Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico | 8 | 8 | 16 |
| 220 | Procedementos Sanitarios e Asistenciais | 20 | 12 | 32 |
| 221 | Procesos Comerciais | 12 | 12 | 24 |
| 222 | Procesos de Xestión Administrativa | 28 | 20 | 48 |
| 223 | Produción de Artes Gráficas | 14 | 2 | 16 |
| 225 | Servizos á Comunidade | 26 | 7 | 33 |
| 226 | Servizos de Restauración | 10 | 7 | 17 |
| 227 | Sistemas e Aplicacións Informáticas | 38 | 17 | 55 |
| 228 | Soldadura | 16 | 4 | 20 |
| 229 | Técnicas e Procedementos de Imaxe e Son | 20 | 3 | 23 |
| TOTAL | | 363 | 240 | 603 |



O SERGAS INVISTE PRETO DE 15 MILLÓNS DE EUROS NO TRANSPORTE SANITARIO DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS

- *En total o Servizo Galego de Saúde dedicará 92.229.342 euros para prestar este servizo nas sete áreas sanitarias durante tres anos*
- *Refírese ao transporte sanitario terrestre non urxente e hospitalario urxente, para os pacientes beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde*

O Servizo Galego de Saúde vai investir un total de 14.881.726 euros no transporte sanitario non urxente e hospitalario urxente da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras. A prestación deste servizo, que vén de aprobarse na xuntanza do Consello da Xunta desta mañá, terá unha duración de tres anos.

Este contrato para o transporte ourensán, xúntase aos xa aprobados para outras áreas sanitarias, polo que o investimento total do Servizo Galego de Saúde para este servizo ascende a 92.229.342 euros. Deste importe, un total de 12.255.500 euros corresponden ao transporte para a área sanitaria da Coruña e Cee e 14.267.481 euros para a de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; destinándose 11.476.778 para a área sanitaria de Pontevedra e O Salnés. Este orzamento chega ata os 17.348.010 euros na área sanitaria de Vigo e na de Santiago de Compostela e Barbanza aos 13.583.974 euros, completando coa de Ferrol con 8.415.873 euros.

Estes contratos teñen por obxecto a prestación do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente (ambulatorio e hospitalario) e hospitalario urxente, para os pacientes beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde. Este servizo atinxe tanto o que se realiza dentro das áreas sanitarias anteriormente ditas, como entre as distintas áreas de saúde da comunidade autónoma. Ademais, inclúense os traslados fóra de Galicia cando sexan por conta das xerencias e, excepcionalmente, traslados internacionais de enfermos aos que exista o deber legal e convencional de prestar os ditos servizos en vehículos especialmente acondicionados para o efecto.

A presente contratación ten como obxectivo dar cumprimento ao disposto no Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde en relación ao transporte sanitario das persoas con discapacidade, cando esta lles impida desprazarse nos medios comúns de transporte.

A XUNTA IMPULSARÁ ESTE ANO A APROBACIÓN DE 10 LEIS CUN CONTIDO FUNDAMENTALMENTE REGULADOR E NOVIDOSO EN DIFERENTES SECTORES

- *Os datos aparecen recollidos nun informe elevado ao Consello da Xunta, no que tamén se destacan importantes leis no ámbito social, sanitario e de reforma administrativa*
- *O calendario legislativo da Xunta prioriza a regulación e actualización de normativa para modernizarse e adaptarse aos novos tempos*
- *O informe tamén fai fincapé na vontade do Goberno galego de non caer na hiperlexislación e primar o aspecto cualitativo en vez do cuantitativo*

O Consello da Xunta informou hoxe do calendario legislativo previsto para este ano, polo cal a Xunta impulsará e enviará ao Parlamento de Galicia un total de 10 leis cun contido fundamentalmente regulador que abrangue diferentes sectores produtivos da economía galega.

Así ocorre coa Lei reguladora de xogos e apostas de Galicia, coa actualización da lexislación reguladora de artesanía de Galicia. E con leis como a de Patrimonio, do Plan estatístico 2022-2026 e de arquitectura de Galicia, así como a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia 2022.

No ámbito da educación, será aprobada a actualización do marco regulador da educación de adultos. Será tamén aprobada a renovación da normativa en materia de prevención do consumo de alcohol incorporando lexislación sobra a prevención do consumo de tabaco.

Por outra banda, o calendario legislativo da Xunta para este ano recolle tamén a aprobación da Lei de creación da sociedade para a xestión do ciclo integral da auga, S.A e a Lei de calidade alimentaria.

O calendario legislativo para este ano segue a senda do traballo iniciado en anos anteriores, na súa maioría relacionadas con contidos económicos, sociais ou de reforma administrativa, que pola súa transcendencia afectaban todos os galegos.

Doutra banda, o informe presentado esta mañá en Consello tamén fai fincapé na vontade do Goberno galego de non caer na hiperlexislación e primar o aspecto cualitativo en vez do cuantitativo; unha práctica que, ao igual que no punto temático, continua un obxectivo marcado pola Xunta na anterior legislatura.



A XUNTA XA ABONOU O 70% DAS AXUDAS CONCEDIDAS PARA APOIAR AOS COLECTIVOS MÁIS AFECTADOS POLA COVID-19 CO PAGO DE 150M€

- *O Goberno galego habilitou 156 liñas de axudas para chegar a 157.500 beneficiarios dos que xa se concederon 216,6 M€*
- *Máis da metade do orzamento destinouse a actuacións de sostemento do emprego, dinamización económica e apoio a persoas autónomas e pemes, onde destaca o Plan de Rescate a persoas autónomas, microempresas, e a liña específica para a hostalería, dotado con 86,2M€*
- *A Xunta continuará este ano a prestar estes apoios adaptándoos á situación sanitaria e con prioridade ás pequenas e medianas empresas e aos seus traballadores, ademais das persoas en situación de especial vulnerabilidade*

A Xunta habilitou, desde que comezou a pandemia, distintas liñas de apoio dirixidas a familias, sectores produtivos e concellos no marco dun diálogo constante e coa implicación dos colectivos máis afectados polas consecuencias derivadas da pandemia aos que van dirixidos estes apoios. Xa se concederon 216,6 millóns de euros, dos cales xa foron aboados 150 millóns de euros, é dicir, arredor do 70%. Ademais, o tempo medio da resolución das axudas foi de 89 días.

Cómpre aclarar que moitas das liñas de axudas foron habilitadas nos últimos meses, polo que para algunhas segue aberto o prazo de presentación de solicitudes e outras están en fase de resolución.

As axudas mobilizáronse a través de 156 liñas de apoio das que se prevén un total de 157.500 beneficiarios. Así, puxéronse en marcha 37 liñas dirixidas a asociacións, fundacións e organizacións sen ánimo de lucro; 27 para familias ou particulares; outras 25 a pemes, 21 a empresas en xeral; 16 a persoas autónomas, 23 aos concellos e 6 ás universidades e 1 a centros educativos. A maiores destas liñas de apoio, tamén se estableceron indemnizacións ou compensacións contractuais que suman 43,4 millóns de euros.

Máis de 209,2 millóns de euros- destináronse a actuacións de sostemento do emprego, dinamización económica e apoio ás persoas autónomas e pemes a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e da Consellería de Emprego e Igualdade. Destaca o Plan de Rescate, dotado con 86,2 millóns de euros, que inclúe tres liñas de axudas coas que apoiar ás persoas autónomas, microempresas, e aos establecementos da hostalería pechados por mor da pandemia.

Ademais, o sector da hostalería está a recibir apoio para a adaptación de terrazas e adquisición de elementos para a recollida ou entrega a domicilio de comida. A isto



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

súmanse as axudas habilitadas pola Vicepresidencia primeira para colaborar no pagamento do alugueiro dos locais do ocio nocturno, o sector que se mantivo pechado totalmente por máis tempo. O turismo tamén recibiu un apoio especial, a través de iniciativas como o Bono turístico, dotado con 5 millóns de euros. Das 15 liñas de axudas postas en marcha pola Vicepresidencia Primeira, xa se concederon o 83,5% -9,9 millóns- dos que xa se ingresaron o 92% -9,1 millóns-.

A Consellería de Política Social concentra unha das partidas máis importantes para atender ás persoas en situación de especial vulnerabilidade e ás familias galegas mediante apoios como as axudas para a conciliación das familias menores de 12 anos, o Bono Coidado Extraordinario relativo á dependencia ou o programa coa Cruz Vermella para cubrir as necesidades básicas de persoas con especial vulnerabilidade. Destas axudas, xa se concederon 25,7 millóns que foron abonados na súa totalidade.

Nesta liña, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, centralizou as súas achegas –uns 8,9 millóns de euros- en minimizar o impacto económico e social da covid-19 nos alugueiros de vivenda habitual e tamén no bono de alugueiro específico para as vítimas de violencia de xénero.

A Consellería do Medio Rural e a do Mar puxeron en marcha tamén un amplo abano de axudas para o sector primario. Neste apartado englobanse axudas como as dirixidas ao sector vacún de carne, flor cortada e planta ornamental ou os préstamos a adegas; así como as axudas a armadores de buques e redeiras para compensar a perda de ingresos pola covid-19, pola paralización temporal do marisqueo, ás empresas armadoras de buques de palangre conxeladores e ás entidades xestoras de lonxas ante a súa menor facturación. Das seis liñas de apoio da Consellería do Medio Rural xa se concederon 9,5 millóns de euros que foron aboados aos beneficiarios, mentres que das cinco achegas habilitadas pola Consellería do Mar xa foron ingresados aos beneficiarios máis de 6,1 millóns de euros.

Pola súa banda, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade achegou axudas para colaborar na organización dos centros educativos fronte á pandemia, así como para soste o sector cultural. En total, 65 liñas de apoio das que se concederon 59,2 millóns de euros, o 97,9%, e do que están aboados 33,8 millóns de euros, o 56%. Inclúense 21,4 millóns de euros en compensación ás concesionarias de transporte escolar. Destaca tamén o apoio da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, que mobilizou máis de 28 millóns de euros para achegar liquidez ao transporte público galego.

A Xunta continuará este ano apoiando ás pequenas e medianas empresas e aos seus traballadores, ás persoas en situación de especial vulnerabilidade e demais colectivos afectados pola pandemia. Deste xeito, o Goberno galego xa anunciou medidas como o



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Plan de choque para o reforzo do sector turístico, cun investimento de 35,7 millóns; axudas de 4 millóns de euros para as empresas transformadoras de produtos do mar; 3,5 millóns para dar continuidade ás subvencións para reducir o impacto da covid-19 no alugueiro, ou 2,5 millóns a entidades deportivas e concesionarias de centros deportivos.



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

GALICIA REFORZA AS MEDIDAS DE APOIO E ASESORAMENTO ÁS EMPRESAS GALEGAS QUE COMERCIAN CO REINO UNIDO A TRAVÉS DA OFICINA BREXIT

- *A Xunta activa este programa, que inclúe un paquete de cinco accións con servizos de consultoría, axudas directas e unha antena que dará soporte en Londres ao tecido empresarial galego*
- *As compañías interesadas en dispor de diagnósticos ou plans de continxencia poden solicitar, ata o 17 de maio, as axudas da liña Cheque Brexit, dotadas cun millón de euros*
- *A ferramenta de autodiagnóstico xa está activada e leva facilitado a 129 empresas coñecer o seu nivel de exposición no novo contexto comercial, o que converte a Galicia na segunda comunidade autónoma con máis compañías avaliadas*

A Xunta reforza as medidas de apoio ao tecido empresarial galego que mantén relacións comerciais co Reino Unido coa activación da nova Oficina Brexit que, ante a nova situación provocada pola saída deste país da Unión Europea, asesorará e axudará tanto as empresas que comezan a comerciar neste destino como as que xa contan cunha longa traxectoria e experiencia internacional.

Como vén de coñecer o Consello da Xunta, este programa inclúe varias iniciativas que permitirán ás compañías galegas –exportadoras e importadoras– coñecer e adaptarse aos novos requisitos derivados do Brexit relacionados coas vendas e compras de produtos no Reino Unido, o cuarto destino en importancia para as exportacións galegas en todo o mundo.

Para contribuír a que esta posición relevante se siga a manter e que as empresas galegas sufran o menor prexuízo posible nas súas relacións comerciais con este país, a Oficina Brexit pon á súa disposición cinco servizos: as axudas achegadas polo Cheque Brexit, unha nova antena en Londres, a ferramenta de autodiagnóstico que xa está en funcionamento, o Brexit Igape Responde e diferentes medidas de información e formación.

A primeira das iniciativas que se recolle, o Cheque Brexit, é unha liña de apoios dotada dun millón de euros para facilitar que as empresas galegas poidan dispor de servizos de consultoría para a elaboración de diagnósticos empresariais e plans de continxencia que permitan minorar os efectos negativos que poida supor o cambio nas relacións comerciais co Reino Unido.

As empresas interesadas poden solicitar as axudas deste programa ata o 17 de maio e os apoios poderán cubrir ata o 80% do gasto de consultoría que realice cada compañía. O Cheque Brexit ten previsto achegar os seus servizos a máis de 100 empresas e poden ser beneficiarias aquelas para as que o país británico fose un dos seus cinco



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

principais mercados de exportación ou importación na Unión Europea, as que as exportacións a este país lles supoñan un mínimo do 10% da súas vendas intracomunitarias ou as que teñan exportado a ese destino máis de 100.000 euros nos tres últimos anos.

A segunda das medidas é a Antena Brexit, que se abrirá no vindeiro mes de marzo en Londres e coa que o Goberno galego pon en marcha un servizo de asesoría integral. Ofrecerá soporte en materia de importacións e exportacións nos ámbitos laboral, tributario, administrativo e de xestión aduaneira, mobilidade de traballadores, cadea de subministración, homologación de produtos, novas certificacións e propiedade industrial, entre outros.

Estas iniciativas súmanse á plataforma de avaliación do impacto do Brexit, a ferramenta en liña en funcionamento desde marzo de 2019, que permite ás empresas coñecer de forma personalizada o impacto dos cambios producidos pola saída do Reino Unido da Unión Europea e adoptar as medidas necesarias para convertelo nunha oportunidade. Ata o día de hoxe, esta ferramenta foi utilizada por 129 compañías, sendo así Galicia a segunda comunidade autónoma co maior número de empresas autodiagnosticadas.

O paquete de medidas da Oficina Brexit, activada polo Goberno galego para apoiar as empresas con intereses comerciais no Reino Unido, complétase con dúas iniciativas máis. Por un lado, o servizo Brexit Igape Responde, un servizo de atención personalizada que atenderá consultas e dúbidas e facilitará apoio para canalizar as necesidades do tecido empresarial cara o resto de medidas dispoñibles. Pódese acceder a este servizo a través do enderezo de correo brexitgalicia@igape.es. Ademais, as empresas interesadas dispoñen de información e formación a través do boletín periódico que publica o Igape e as xornadas e encontros dixitais que comezarán este mes de xaneiro.

As exportacións galegas ao Reino Unido

Segundo os últimos datos dispoñibles, entre xaneiro e outubro de 2020, das 6477 empresas galegas exportadoras, un total de 486 venderon os seus produtos ao Reino Unido, por valor de 1119 millóns de euros. Mentres, o número de empresas exportadoras regulares neste destino –é dicir, aquelas que exportaron durante catro anos consecutivos– acadou as 307. En canto aos ámbitos con maior nivel de exportacións, destacan o sector téxtil e a moda, a automoción, o metalmecánico e o agroalimentario e bio.



A XUNTA APOIARÁ ÁS EMPRESAS DOS SECTORES INDUSTRIAL E SERVIZOS PARA QUE AFORREN 7 MILLÓNS DE EUROS AO ANO NA SÚA FACTURA ENERXÉTICA

- *O Goberno galego aproba as bases das convocatorias para proxectos de aforro e eficiencia enerxética dirixidas a estes dous ámbitos do tecido empresarial cun orzamento de 10M€*
- *Os apoios favorecerán a mobilización de máis de 42 millóns de euros, un aforro enerxético anual equivalente a nove millóns de litros de gasóleo ao ano e a creación de 340 empregos*
- *A principal novidade en 2021 é o paso a unha convocatoria bienal que permita maior flexibilidade para adaptar as iniciativas á situación sanitaria actual, e a selección de proxectos en réxime de concorrencia non competitiva para manter aberto durante máis tempo o prazo de solicitude, que comeza o 20 de xaneiro*
- *Primaranse as actuacións das pemes, con axudas que alcancen o 55% do investimento*
- *Nos últimos oito anos apoiáronse 1367 iniciativas con aforros eléctricos equivalentes ao consumo anual de 135.000 fogares*

O Consello da Xunta de Galicia avaliou esta mañá a nova convocatoria de axudas para impulsar proxectos de aforro e eficiencia enerxética dirixidas tanto a empresas do sector industrial como dos servizos que, segundo se prevé, permitirán un aforro anual de 7,1 millóns de euros nas súas facturas enerxéticas.

Cun orzamento de 10M€ e carácter bienal –para permitir unha maior flexibilidade na adaptación dos proxectos á situación actual–, os apoios están dirixidos a empresas e autónomos do sector da industria e dos servizos, así como a empresas de servizos enerxéticos. O obxectivo é mellorar a súa competitividade grazas á redución da factura de enerxía; así como promover a introdución da mellor tecnoloxía dispoñible para fomentar os investimentos en aforro e eficiencia enerxética.

Esta orde de axudas cubrirá investimentos en substitución ou mellora de equipos e instalacións de enerxía do proceso produtivo do sector industrial, así como dos sistemas auxiliares necesarios para o seu funcionamento; renovación ou mellora de equipamentos de instalacións existentes de produción de calor e frío destinadas a atender a demanda de benestar e hixiene das persoas; mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación existentes que reduzan o consumo enerxético polo menos nun 40%; e implantación de medidas de contabilización, monitorización, telexestión e procesamento avanzado de datos asociadas ás actuacións subvencionadas; así como auditorías enerxéticas e implantación de sistemas de xestión que contribúan a medir o aforro enerxético derivado da actuación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A convocatoria, que nesta ocasión será de concorrencia non competitiva para manter aberto o prazo de solicitude durante un período máis amplo, estará aberta desde o 20 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2021, mentres que a data límite de execución de proxectos será o 15 de setembro de 2022. A contía da axuda será do 35%, no caso das grandes empresas; do 45%, para as medianas e do 55% no caso de pequenas compañías. Segundo os aforros enerxéticos previstos, os apoios poderán ir dos 500.000 euros ao millón, sendo a axuda máxima por empresa de dous millóns de euros. Con esta orde de axudas, está previsto mobilizar máis de 42M€, reducir a emisión de CO2 anual en 24.600 toneladas –o equivalente a plantar 1,2 millóns de árbores– e xerar ao redor de 340 postos de traballo.

Nos últimos oito anos, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación concedeu, a través do Inega, un total de 1367 axudas para proxectos de aforro enerxético tanto no sector industrial como no agrícola e nos servizos, cun orzamento de 39,5M€, o que permitiu un aforro de enerxía equivalente ao consumo eléctrico anual de 135.000 fogares e unha redución de emisións anuais de CO2 semellante á acción de 5,3 millóns de árbores.

As tipoloxías de proxectos máis demandadas foron a renovación de maquinaria industrial de proceso e de instalacións auxiliares; a substitución da iluminación por tecnoloxía led; o aproveitamento de enerxías residuais, a instalación de plantas fotovoltaicas ou de variadores de frecuencia en motor e economizadores en caldeiras, entre outras.

A Xunta, ademais, publica hoxe a convocatoria das axudas para empresas do sector agrícola primario coas que se prevé mobilizar 8,5M€ en 200 proxectos de enerxías renovables e eficiencia cos que se crearán 70 empregos.

A XUNTA ELABORA O MARCO GALEGO DE COMPETENCIAS DIXITAIS QUE PERMITIRÁ ACREDITAR O NIVEL DE COÑECEMENTOS NESTE ÁMBITO

- *Toma como referencia o marco europeo para adecualo ao contexto galego, a nivel lingüístico, normativo e de contidos específicos*
- *Establece cinco áreas competenciais, que aglutinan 21 competencias e 4 niveis de aptitude*
- *Busca promover un uso da tecnoloxía dixital dun xeito seguro, crítico, creativo e colaborador en todos os eidos da vida*
- *Irá acompañado de plans formativos específicos para a cidadanía e aos empregados públicos, que se poderán ampliar a outros colectivos*
- *Iníciase a tramitación do proxecto de decreto que regulará a certificación destas competencias*

A Xunta aborda a elaboración do futuro Marco galego de competencias dixitais, aliñado coas estratexias europeas na materia e cumprindo coas obrigas establecidas na Lei 4/2019, de administración dixital de Galicia, para facilitar aos cidadáns e aos empregados públicos o acceso a uns itinerarios formativos que lles permitan acreditar os coñecementos e habilidades que require o actual contexto dixital, tanto para o seu desenvolvemento persoal como laboral.

Así se recolle nun informe elevado hoxe ao Consello do Goberno galego pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), no que se dá contas das bases do novo marco de competencias dixitais e do inicio da tramitación do decreto polo que se regula o marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais

O marco galego

O Marco Galego de Competencias Dixitais toma como referencia o marco europeo *Digcomp 2.1. The Digital Competence Framework for Citizens*, deseñado para ser un punto de referencia flexible e que pode ser empregado por calquera organización pública ou privada.

Ao igual que o DigComp europeo as bases do futuro Marco de Competencias Dixitais de Galicia recollen cinco áreas competenciais, que suman 21 competencias, e determínanse 4 niveis de aptitude: básico, intermedio, avanzado e especializado, que identifican as habilidades e coñecementos necesarias para demostrar o nivel de cada unha das competencia:

Área 1. Información e datos: navegar, buscar, filtrar, avaliar e xestionar os datos, a información ou o contido dixital.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Área 2. Comunicación e colaboración: interactuar, compartir, participar e colaborar a través das tecnoloxías dixitais. Coñecer as regras de comportamento na rede e xestionar a identidade dixital.

Área 3. Creación de contido dixital: facer, refacer ou compor contidos dixitais. Entender como se aplican os dereitos de autor e as licenzas de uso. Inclúe a programación como xeito de expresarmos nunha contorna dixital.

Área 4. Seguridade e privacidade: protexer os dispositivos e os datos persoais, resgardar o privado, e preservar a saúde o benestar e o medio natural.

Área 5. Solución dos problemas e contorna dixital: resolver problemas técnicos, identificar as necesidades de resposta tecnolóxicas, usar a tecnoloxía de xeito innovador e creativo e identificar as nosas carencias nos coñecementos dixitais.

Acreditación e formación

A acreditación e certificación destas competencias estará regulada por un decreto que establece que o certificado galego en competencias dixitais acreditará os coñecementos na materia da persoa titular ante calquera instancia pública ou privada de Galicia. O certificado, que terá unha vixencia máxima de cinco anos, poderá ser de dous tipos, ben por área competencial ou por competencia específica.

A obtención do certificado realizarase mediante unha proba avaliativa presencial ou *online*, agás naqueles casos nos que se poidan demostrar a acreditación dos coñecementos través doutros certificados, convalidacións ou homologacións contemplados no decreto.

O novo marco galego de competencias dixitais leva aparellados, tamén, novos plans de formación específicos, tanto para cidadáns como para empregados públicos. Neste último caso, realizarase en coordinación coas escolas de formación da Administración pública. Tamén se recolle establecer acordos ou convenios de cooperación coas restantes administracións públicas galegas para facilitar o desenvolvemento dos plans de capacitación dixital dos seus empregados públicos.

A Dirección Xeral de Función Pública establecerá, dentro do seu ámbito competencial, os criterios para recoñecer estas competencias como mérito ou esixencia no acceso aos procesos selectivos para o acceso ao emprego público ou nos procesos de provisión de cobertura de postos de traballo.

No caso do plans para cidadanía galega aproveitarase a experiencia e os recursos en formación dixital da Rede de centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica de Galicia (CeMI), sen perxuízo dos posibles acordos que se poidan establecer con outras institucións ou entes colaboradores, tanto do eido público como privado.



O decreto establece tamén a creación dun comité especializado para a definición do Marco Galego de Competencias Dixitais, que será o encargado tanto de definir os contidos como súa adaptación ás necesidades dos colectivos destinatarios.

Competencias dixitais

As competencias dixitais van máis aló de ser hábil ou operativo no uso dos aparellos e dispositivos, senón que implica o uso da tecnoloxía dixital dun xeito seguro, crítico, creativo e colaborador, en todos os eidos da vida.

A creación dun marco de competencias dixitais propio é un compromiso da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, para dar resposta á necesidade de acadar unha cidadanía dixitalmente responsable nun contexto na que a relación coa Administración, a vida cotiá e o emprego requiren continuado do uso de tecnoloxías da sociedade da información.



A XUNTA HABILITA POR PRIMEIRA VEZ AXUDAS PARA REDUCIR O IMPACTO DO FEÍSMO DAS CONSTRUCIÓNS E VIVENDAS NO TERRITORIO GALEGO

- *O Consello da Xunta foi informado dunha nova orde de axudas que disporá dun crédito inicial dun millón de euros, cos que atender máis de 300 solicitudes neste primeiro ano*
- *Serán subvencionables actuacións de revestimento e pintado de fachadas, renovación do acabado exterior das fachadas de edificios e acondicionamento e mellora da peches e predios e substitución de celosías ou formigón, que deberán respectar os valores e criterios das guías de cor e materiais e da de valados*
- *Unha persoa -ou entidade- poderá presentar un proxecto de actuación, que inclúa varias actuacións; pero, en todo caso, a axuda non superará o 70% do custo global e fíxase un límite máximo de 3.000 euros por solicitude*
- *A Xunta avanza un paso máis na protección de todas as formas de paisaxe de Galicia: naturais, rurais, urbanas e periurbanas, e tanto das emblemáticas como das ordinarias, pois todas son merecedoras de recoñecemento*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda convocará neste primeiro trimestre do ano as primeiras axudas para corrixir o impacto do feísmo e as consecuencias paisaxísticas das construcións e vivendas da Comunidade. O Consello da Xunta, na súa reunión celebrada esta mañá, foi informado da tramitación desta nova orde de axudas que convocará Medio Ambiente e que disporá dun crédito inicial dun millón de euros, coas que poder atender máis de 300 solicitudes na súa primeira convocatoria.

Un dos principais obxectivos desta nova liña de actuación do Goberno galego a prol da conservación da paisaxe é aumentar a sensibilidade cidadá en relación coas alteracións ou impactos nesta, é dicir, naquelas actuacións que xeraron transformacións e que deterioran o carácter ou a calidade da paisaxe; así como sensibilizar e fomentar a colaboración cidadá en coordinación coas administracións públicas.

Ao abeiro desta orde establécense unha serie de actuacións que son obxecto de subvención, sempre e cando sexan acordes e sigan os criterios e principios da Guía de cor e materiais e da Guía de boas prácticas de caracterización e integración paisaxística de valados, é dicir, conforme os valores paisaxísticos cos Catálogo das paisaxes de Galicia.

Así, serán subvencionables o tratamento de paredes medianeiras vistas, mediante cobertura con materiais de revestimento, pintado ou tratamento vexetal; o revestimento e pintado de fachadas actualmente rematadas en ladrillo cerámico ou bloque de formigón sen revestir; a renovación do acabado exterior das fachadas de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

edificaci3ns (paramentos e carpintarías) que supoñan un impacto paisaxístico como consecuencia da tonalidade e/ou a intensidade da cor actual; ou o remate exterior de cubertas realizadas con planchas de fibrocemento, mediante a instalación de tella cerámica ou lousa.

Así mesmo, para mellorar a imaxe que definen os peches e muros da vivendas e inmobles, establécense axudas para o acondicionamento e mellora de peches de predios de gran dimensión (altura superior a 1,50 metros), mediante a substitución de muros opacos por solucións diáfanas ou sebes vexetais; o revestimento de muros de cerramento de predios realizados con bloques de formigón, con fábrica de pedra semellante á cachotaría tradicional, e a substitución de celosías, e outros tipos semellantes de pezas prefabricadas de cerámica ou de formigón, en cerramentos de predios, por solucións diáfanas ou sebes vexetais.

A paisaxe é definida como calquera parte do territorio tal e como é percibida polas poboacións, cuxo carácter resulta da acción dos factores naturais e humanos e das súas interrelacións. Nese sentido, todas as formas de paisaxe: naturais, rurais, urbanas e periurbanas, e tanto as emblemáticas como as ordinarias, son merecedoras de recoñecemento, posto que todas afectan os compoñentes naturais, culturais e humanizados e as súas interconexións.

Tal e como establecerá a resolución pola que se convoquen as axudas, só será posible presentar unha solicitude por persoa ou entidade solicitante, polo que cada solicitude corresponderase cun único proxecto. No obstante, un proxecto poderá incluír máis dunha actuación. En todo caso, o importe de axuda será dun 70%, cun límite máximo de 3.000 euros.

A paisaxe é un elemento fundamental da calidade de vida das persoas e, por iso, tamén debe ser o fiel reflexo dun territorio e dun medio natural de calidade; dunha sociedade moderna e consciente da importancia do seu patrimonio natural e cultural, e que manteña unha relación harmónica co medio, onde prime o uso racional do territorio, o aproveitamento sustentable dos seus recursos, un desenvolvemento urbanístico respectuoso e o recoñecemento das funcións principais que xogan os ecosistemas naturais.

Así, a Xunta avanza un paso máis, achegando á cidadanía unhas axudas coas que trasladar aos cidadáns a relevancia do seu papel e a importancia da responsabilidade compartida na mellora e conservación da esencia de Galicia no eido do respecto paisaxístico.



SANIDADE DESTINA MÁIS DE 8 MILLÓNS DE EUROS Á LOITA CONTRA A COVID-19 NOS HOSPITAIS PÚBLICOS GALEGOS

- *Desta cantidade, preto de 6 millóns de euros van para a adquisición de materiais, así como a contratación de servizos e pequenas obras na Área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos*
- *Tamén se dedican máis de 2 millóns de euros para a compra de material na Área sanitaria da Coruña e Cee, principalmente equipamento de protección individual e para a detección da covid-19*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia de catro expedientes de contratación, por valor de 8.389.880 euros, para subministrar material e equipamento a diferentes hospitais do Sergas fronte á covid-19. Parte deste orzamento tamén se destina á realización de determinados traballos e servizos en diversos centros.

A meirande parte dese orzamento vai para o primeiro dos expedientes aprobados hoxe e que se refire á adquisición de materias e bens, así como a contratación de servizos e pequenas obras na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos. Son 5.864.018 euros dos que 3.657.315 euros se destinan a material de laboratorio e 674.479 euros para produtos farmacéuticos, instrumental e material sanitario. Ademais tamén se dedican 347.047 para mantemento de edificios, así como 380.906 euros para servizos de limpeza e aseo e 289,741 euros en transporte.

O segundo dos expedientes recolle un orzamento de 2.321.053 euros para a compra de material na Área Sanitaria da Coruña e Cee, principalmente equipamento de protección individual e para a detección da covid-19. A meirande parte destínase á adquisición de PCR, kits detección covid e medios de transporte das mostras, cun orzamento para esta partida de 1.595.062 euros. Os restantes 725.991 euros son para epis e repártense entre batas cirúrxicas e protectoras, calzas e gorros cirúrxicos, luvas, máscaras e desinfectantes, tanto para uso humano como para superficies.

Estas dúas compras complétanse tamén coa subministración de transporte pneumático de mostras no laboratorio central do CHUO por valor de 115.527 euros. Trátase da ampliación dos tubos pneumáticos que se utilizan no laboratorio para conectar a hospitalización, as unidades de coidados críticos e os bloques cirúrxicos co Servizo de Farmacia Hospitalaria e cos laboratorios, tanto de Análise Clínica como o de Hematoloxía. Conséguese, deste xeito, unha maior axilidade, capacidade e seguridade no traslado de mostras ao laboratorio, tan necesarios no actual momento de pandemia.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O último dos expedientes aprobados hoxe destina 89.282 euros á realización dunhas obras de reforma nas consultas e salas de espera do servizo de Urxencias do Hospital Universitario da Coruña, adaptándoas ás necesidades xurdidas a raíz da covid-19.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

A XUNTA REMATARÁ EN FEBREIRO A PRIMEIRA FASE DO PLAN DE PASTOS DE GALICIA CUN INVESTIMENTO DE 2,3 M€ E ACTUACIÓNS EN 560 HECTÁREAS

- *O obxectivo desta iniciativa é promover un mellor aproveitamento dos recursos naturais para traballar na anticipación aos incendios forestais e garantir a rendibilidade das explotacións, ao facilitarlles máis base territorial*
- *No seu conxunto, o plan prevé actuar nunhas 2.250 hectáreas cun investimento total de arredor de 9,5 millóns de euros*
- *Enmárcase nas políticas do Goberno galego que traballan para fixar poboación no rural, neste caso grazas ao mantemento dunha actividade multifuncional do monte, e establece sinerxías cos plans forestal e de reactivación e dinamización*

Ao longo do vindeiro mes de febreiro está previsto que remate a primeira fase do Plan de pastos de Galicia, unha actuación que suporá en conxunto a posta en valor de 560 hectáreas de terreo, cun investimento total de 2,3 millóns de euros. Así se recolle nun informe da Consellería do Medio Rural avaliado hoxe polo Consello da Xunta.

O obxectivo desta iniciativa é promover un mellor aproveitamento dos recursos naturais para traballar na anticipación aos incendios forestais e garantir a rendibilidade das explotacións, ao facilitarlles máis base territorial e proporcionarlles novas ferramentas para xerar oportunidades de riqueza no rural.

Nesta primeira fase do plan traballouse na reordenación de pasteiros nun total de 14 montes veciñais en man común doutros tantos concellos. Así, na provincia da Coruña actuouse en montes do municipio de Porto do Son. En Lugo, os labores centráronse nos concellos de Navia de Suarna, Samos, Sarria e Láncara. Na provincia de Ourense acondicionáronse terreos dos municipios de Beariz, Ramirás, Sarreaus, Cualedro, Montederramo e Paderne de Allariz. Por último, en Pontevedra as actuacións realizáronse nos concellos da Lama, Covelo e Cerdedo-Cotobade.

A Consellería do Medio Rural está traballando simultaneamente na preparación da segunda fase deste plan, que previsiblemente comezará na primavera de 2021 e que beneficiará outros 30 montes veciñais pertencentes a 24 concellos galegos. Nesta fase o investimento programado achégase aos 4 millóns de euros e a superficie da actuación roldará as 744 hectáreas.

Superficie e investimento total

O Plan de pastos de Galicia recolle ata catro fases de execución, coas que está previsto actuar nunha superficie aproximada de 2.250 hectáreas e un investimento total de arredor de 9,5 millóns de euros. As actuacións concretas céntranse nas rozas,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

sementados, pistas, peches, pasos canadenses, mangas de manexo de gando, comedeiros ou bebedeiros.

Así, por unha banda, os titulares das explotacións veranse beneficiados co acondicionamento das parcelas e cunha mellora dos accesos aos seus terreos, ao tempo que amplían a base territorial das súas explotacións. Por outra, cumpríranse todas as determinacións en materia de benestar, seguridade e saúde animal.

Sinerxías cos plans forestal e de reactivación

O Plan de pastoreo de Galicia enmárcase nas políticas do Goberno galego que traballan para fixar poboación no rural, neste caso grazas ao mantemento dunha actividade multifuncional do monte. Esta mesma filosofía incorpórase no Plan forestal de Galicia, que tamén recolle o pastoreo como xeito de posta en valor e dinamización do monte, entre outras moitas posibilidades de aproveitamento.

Neste sentido, a lexislación vixente establece que as superficies que se dediquen a pasto deberán inscribirse no Rexistro de Terreos Forestais de Pastoreo. Ademais, a Lei de montes de Galicia sinala que os pasteiros en monte terán que figurar tamén nos correspondentes instrumentos de xestión e ordenación forestal.

A combinación de actividades forestais e ganderías tamén consegue convivir coa conservación dos hábitats. Deste xeito, as zonas onde se proxectan a meirande parte dos pasteiros caracterízanse por unhas ganderías de produción de carne de maneira sustentable e con razas autóctonas.

Este enfoque dá cumprimento, así mesmo, ao establecido no Plan de reactivación e dinamización impulsado por Medio Rural para facer fronte á crise provocada pola covid-19 no agro galego e que, en conxunto, prevé un investimento total de 165 millóns de euros.

OS PROPIETARIOS DE BUQUES GALEGOS PODERÁN BENEFICIARSE DE MÁIS DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA INVESTIMENTOS QUE FOMENTEN A PESCA SUSTENTABLE

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a convocatoria destas achegas, que teñen como obxecto subvencionar investimentos para limitar o impacto da pesca no medio mariño, a mellora das condicións de traballo, hixiene e seguridade dos buques e a eficiencia enerxética*
- *Outros investimentos que poden recibir apoio son aqueles que aumenten o valor engadido, a calidade dos produtos e o uso das capturas non desexadas*
- *As persoas interesadas en cursar as solicitudes no marco da convocatoria de axudas de 2021 poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o 'Diario Oficial de Galicia' nos vindeiros días*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a convocatoria de 2021 de axudas a propietarios de buques pesqueiros galegos para investimentos que fomenten a pesca sustentable. A estas achegas, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), a Xunta destina algo máis de 1,2 millóns de euros.

O informe sinala que poderán beneficiarse delas os propietarios de buques pesqueiros con porto base en Galicia e son obxecto destas achegas os investimentos para limitar o impacto da pesca no medio mariño e para protexer as especies. Tamén se poderán subvencionar actuacións que melloren as condicións de traballo, hixiene e seguridade dos buques e aquelas relacionadas coa eficiencia enerxética e a mitigación do cambio climático.

Outros investimentos obxecto de axuda son aqueles que aumenten o valor engadido, a calidade dos produtos e a utilización das capturas non desexadas. Entre as actuacións subvencionables tamén están os investimentos realizados en servizos de asesoramento para fomentar a pesca sustentable.

Así, a través destas axudas, apóianse actuacións como a modernización de buques, a subministración e instalación de hélices de manobra e a reforma das estruturas de abrigo na cuberta. Tamén equipamentos para os buques como dispositivos de salvamento e loita contra lumes, traxes de supervivencia, equipamentos de navegación ou adaptacións en instalacións para mellorar as condicións hixiénicas, así como dispositivos radioeléctricos de comunicación por satélite e a implantación de sistemas *wifi* a bordo.

As persoas interesadas en cursar as solicitudes poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o *Diario Oficial de Galicia* nos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

vindeiros días. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *DOG*.